

Os vehículos retirados da vía pública, e depositados polos servizos municipais, e que teñan pendentes de pago multas de tráfico ou cotas do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica, non poderán ser recuperados polo condutor ou propietario en tanto non se fagan efectivos os referidos pagos.

Respecto á multa imposta por estacionamento antirregulamentario, poderá ser satisfeita voluntariamente polo interesado para a retirada do vehículo. Caso de non satisfacela, seguirase o procedemento xeral establecido a tal efecto.

O Concello poderá celebrar concerto cos garaxes ou empresas particulares do municipio, para a prestación do servizo de grúa e depósito dos vehículos retirados das vías públicas, se o coidase necesario ou conveniente. En tal caso, as empresas adxudicatarias deberán formalizar unha póliza de seguro para responder dos posibles desperfectos que se poidan ocasionar ós vehículos, con motivo da prestación do servizo.

#### *ARTIGO 9º.—INFRACCIÓN E SANCIÓN TRIBUTARIAS.*

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria.

#### *DISPOSICIÓN FINAL.*

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2014, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

### **13º.—ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DE BEIRARRÚAS E TERREOS DE USO PÚBLICO CANDO DEN ACCESO A ESTABLECEMENTOS INDUSTRIAIS OU COMERCIAIS, RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUEIRA CLASE.**

#### *ARTIGO 1º.—NATUREZA E FUNDAMENTO.*

O Pleno do Concello, no uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, e polos artigos 15 a 19 e 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, acorda a imposición e ordenación da Taxa por entradas de vehículos a través das beirarrúas e terreos de uso público cando dean acceso a establecementos industrias ou comerciais, reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase.

#### *ARTIGO 2º.—FEITO IMPOÑIBLE.*

Constitúen o feito impoñible da taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal polos conceptos que se sinalan no título da taxa.

#### *ARTIGO 3º.—SUXEITOS PASIVOS.*

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, consonte algún dos supostos citados no artigo segundo.

Serán suxeitos pasivos substitutos do contribuínte desta taxa os propietarios dos terreos e locais ós que dean acceso ditas entradas de vehículos, os cales poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.

*ARTIGO 4º.—RESPONSABLES.*

Serán responsables solidarios e subsidiarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refire os artigos 42 e 43 da Lei Xeral Tributaria.

*ARTIGO 5º.—COTA TRIBUTARIA.*

A contía da taxa será a resultante da aplicación das tarifas contidas neste artigo.

TARIFAS	
CONCEPTO: ENTRADA OU PASO DE CARRUAXES	IMPORTE (€/CUADRIMESTRE)
Garaxes de vivendas unifamiliares	10,32
Garaxes comunitarios (por praza. Gravarase ata un máximo de 50 prazas)	10,32
Talleres de reparación de motos e bicicletas	10,32
Talleres de automóbiles, lavado e engraxe	30,91
Establecementos industriais	24,77
Supermercados e centros comercias (por praza)	10,32
Hoteis e restaurantes (por praza. Gravarase ata un máximo de 15 prazas)	10,32
CONCEPTO: RESERVA DE ESPACIOS	IMPORTE (€/CUADRIMESTRE)
Polo vado permanente	23,09
Por parada de tren turístico ou semellante €/m2	41,97

- Naqueles casos en que a tarifa se multiplique polo número de prazas e o local non se encuentre efectivamente dividido, tomarase como número de prazas o resultado de dividir entre 20 a superficie total en metros cadrados do mesmo, incluíndo ramplas, zonas comúns, etc. No caso de ser descuberto, dividirase entre 30.
- Será obrigatorio que a colocación por parte do usuario, da placa de vado permanente, o sexa segundo o modelo oficial, ó prezo de custo de adquisición.

CONCEPTO	RÚAS DE 1ª	RÚAS DE 2ª	RÚAS DE 3ª
Por carga e descarga de mercadorías de calquera clase (€/m <sup>2</sup> /día)	0.35	0.35	0.31

A cota mínima por ocupación de vía pública será de 11,10 euros/día, sempre que non implique o corte de tráfico.

Nos casos de corte de tráfico, a cota será de 32,25 euros /hora ou fracción.

*ARTIGO 6º.—BENEFICIOS FISCAIS.*

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

*ARTIGO 7º.—PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO.*

No caso de entrada de carruaxes e reserva de espazo, o período impositivo coincidirá co cuadrimestre natural. A taxa devéngase o primeiro día do período impositivo, salvo nos casos de alta, que se producirá no momento da citada alta.

As cotas serán irredutibles polo período sinalado, ademais de no suposto de novas altas, no caso de cese do aproveitamento especial.

Si se trata de carga e descarga de mercadorías, o período impositivo será por día. O devengo da taxa prodúcese no momento de solicitala correspondente licenza.

*ARTIGO 8º.—NORMAS DE XESTIÓN.*

—As persoas ou entidades interesadas na autorización para realizalos aproveitamentos sobre o dominio público municipal a que fai referencia esta taxa, deberán presentar unha solicitude achegándolle o plano, o detalle da superficie do aproveitamento e da súa situación dentro do termo

municipal. No mesmo acto de presentación da solicitude deberá o suxeito pasivo autoliquidar a taxa correspondente, segundo as tarifas fixadas no artigo 5º da presente ordenanza fiscal e utilizando o modelo establecido para tal fin.

Tramitado o expediente e previamente ó outorgamento da licenza, practicarase a liquidación tributaria correspondente, confirmando a autoliquidación practicada polo suxeito pasivo ou xerando unha liquidación complementaria se esta fora maior que a autoliquidada no seu día ou procedendo á devolución de ingresos nos supostos que fora menor.

Se a resolución administrativa fora denegatoria da pretensión formulada por causas non imputables ó suxeito pasivo, procederase á devolución do importe autoliquidado, seguíndose o trámite de devolución de ingresos indebidos.

- En ningún caso, o inicio do procedemento de xestión ou o pago da cota implicará que se entendan como autorizadas as distintas ocupacións ou reservas.
- Unha vez autorizado o aproveitamento, entenderase prorrogado mentres que o interesado non presente a declaración de baixa.
- No caso de entrada de carruaxes e reserva de espazo, as declaracións de alta producirán a incorporación dos suxeitos pasivos no padrón do período impositivo seguinte.
- Cando remate o aproveitamento, os suxeitos pasivos formularán as declaracións de baixa no censo ou padrón da taxa e surtirá efectos no cuadrimestre seguinte ó de presentación da mesma. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

#### *ARTIGO 9º.—INFRACCIÓNS E SANCIÓN.*

Nesta materia estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

#### *DISPOSICIÓN FINAL.*

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2014, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

### **14.º.—ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR ENSINANZAS ESPECIAIS EN ESTABLECEMENTOS DOCENTES DAS ENTIDADES LOCAIS (ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA E CONSERVATORIO ELEMENTAL).**

#### *ARTIGO 1º.—NATUREZA E FUNDAMENTO.*

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e polos artigos 20 e 57 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da citada Lei, acorda a imposición e ordenación da Taxa por ensinanzas especiais en establecementos docentes municipais (Escola municipal de música e Conservatorio elemental).

#### *ARTIGO 2º.—FEITO IMPOÑIBLE.*

Constitúen o feito impoñible da taxa a prestación dos servizos de ensinanzas especiais nos establecementos docentes municipais.

#### *ARTIGO 3º.—SUXEITOS PASIVOS.*

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos ou actividades que se detallan na tarifa desta taxa.